

ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN UN/UNHA PEÓN CONDUCTOR DE BRIGADA E DE TRES PEÓNS DE BRIGADA (CARNET B)

O Tribunal de selección constituido ao efecto que xulgou o proceso selectivo enriba citado, constitúese de novo ás catorce horas do vinte sete de xuño de dous mil dezasete, ao obxecto de examinar a reclamación presentada por D. Iván Fernández García, que di:

“Don Iván Fernández García, admitido á proba de selección de peón forestal do Concello de Portomarín o 27 de junio de 2017.

Expón:

Primeiro: a pregunta que fala sobre a rúa donde se sitúa o Concello do Ayuntamiento está mal formulada porque pregunta pola rúa, e unha plaza e non é unha rúa.

Tamén as respostas dadas non son correctas, polo que a plaza **Condes** Fenosa non existe, so existe a plaza Conde Fenosa. Tamén hay un error en Condes en vez de Conde.

Polo tanto esta pregunta debería ser anulada, por mal formulada, e a resposta que se deu como válida mal respondida.

Firma

Ilegible

Portomarín (Lugo) a 27 de junio de 2017”.

Vista a pregunta formulada por este Tribunal que di:

“17.- ¿En qué rúa se atopa a Casa Consistorial do Concello de Portomarín?

- a) Rúa Compostela
- b) Praza condes de Fenosa
- c) Praza Maior

Visto que, a resposta do aspirante foi a opción a) Rúa Compostela; visto que o Concello ten a sede na (Praza Conde de Fenosa), según letreiro obrante na propia Praza (Praza Condes de Fenosa, según obra no membrete do Concello).

Este Tribunal non pode aceptar a alegación:

1º.- En ningún caso é Rúa Compostela

2º.- Sexa singular ou plural a denominación inequívoca é a opción b)

3º.- Vista a puntuación final, en nada variaría ou alteraría o resultado do Sr. Fernández García.

En consecuencia, o Tribunal por unanimidade acorda, rexeitar a reclamación formulada, polo Sr. Fernández García.

Dese traslado ao Sr. Alcalde e notifíquese ao aspirante recorrente, sinalándolle que contra a presente poderá interponer recurso de alzada diante do Sr. Alcalde como superior xerárquico que nomeou a este Tribunal, no prazo dun mes a partir do seguinte do da notificación da presente. Así mesmo, cabe interponer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, sen que poida simultanear ambos e sen prexuízo de calisquer outro recurso que estime

conveniente. Tralo que finaliza a actuación deste tribunal, constituído aos únicos efectos de resolución da reclamación citada, sendo ás catorce horas e quince minutos do expresado día do que se levanta a presente acta que suscriben os membros do tribunal.



Handwritten signatures in blue ink, including a large signature at the bottom and several smaller ones above it.